



Mulleres e diaconado. Sobre os ministerios na Igrexa

Asoc. de Teólogas de España

Os pasados 3 e 4 de xuño, a Asociación de Teólogas Españolas (ATE) organizou unhas xornadas académicas co título «Mulleres e diaconado. Sobre os ministerios na Igrexa», nas que tamén colaboraron o *Coordinamento de Teologhe Italiane* e o *Instituto Superior de Pastoral* de Madrid. Ao fío do anuncio da comisión vaticana para o estudo do diaconado feminino, as xornadas pretendían abordar un tema, o dos ministerios femininos, que con todo non é novo para a esexese bíblica nin para a teoloxía. É por iso que estas xornadas quixeron mirar cara ao futuro, mais tendo en conta o pasado, nas súas posibilidades e limitacións, para colaborar no proceso de clarificación e discernimento no que actualmente se acha a Igrexa católica en canto ao diaconado feminino.

Tras a inauguración das xornadas, a cargo de don Carlos Osoro, Cardeal Arcebispo de

Madrid, e de Silvia Martínez, presidenta de ÁTEA, tivo pois lugar a primeira sesión de traballo, a da aproximación bíblica ao diaconado feminino. Esta desenvolveuse a través dos relatorios de Marinella Perroni e de Alberto de Mingo. A primeira salientou primeiramente o compoñente diaconado, practicado en clave inclusiva, como aquel que define o discipulado de seguimento de Xesús nos sinópticos. Igualmente, Marinella tomou nota de que nas comunidades paulinas a *diakonía* de Xesús produciu xa un ministerio particular, o do/da diácono/a, que en sucesivas xeracións será sometido á xerarquización dos *episkopoiē presbyteroi*. Os tres ministerios configuraranse daquela segundo precisos modelos sociais e litúrxicos de sinal patriarcal, dos que as mulleres serán rapidamente excluídas. Pola súa banda, Alberto Mingo destacou a presenza das discípulas ao final do Evanxeo de Mar-

cos, apuntando tamén a súa presenza nas cartas paulinas e nos Feitos dos Apóstolos. Aquí achámolas exercendo un papel activo na *diakonía* e no liderado (Lida, Ninfa, Junia, entre outras), e é neste contexto no que debemos situar no Novo Testamento á única muller, da que se afirma explicitamente que exercía o ministerio do diaconado: Febe, diácono (*diákonos*) da igrexa de Cencreas. Non cabe dúbida, afirmaba Alberto Mingo, da presenza das mulleres diácono na Igrexa dos primeiros séculos.

A segunda sesión de traballo abordou os ministerios e o diaconado nos primeiros séculos da Igrexa. Aquí, Fernando Rivas indicou a existencia do diaconado feminino do século II ao XII, sendo dos séculos III ao V cando alcanza maior desenvolvemento. Con todo, este espazo irase perdendo até desaparecer en Occidente no século IX, malia que se alonga até o s. XII en Oriente. Rivas concluíu apuntando que non se pode apelar á tradición para negar a presenza de mulleres ordenadas para o diaconado, senón mais ben para o contrario. Pola súa banda, Moira Scimmi convidou a seguir os pasos do desenvolvemento do diaconado

a través de Olimpia de Constantinopla, apuntando o custo persoal da loita constante por xustificar a súa autoridade e ministerio lémbrennos situacións actuais e cotiás nas mulleres da Igrexa de hoxe.

A terceira sesión dedicouse ao aspecto eclesial hoxe e ás súas implicacións desde o Vaticano II. M.^a José Arana animou a unha comprensión dinámica e evolutiva do Evanxeo e á tradición a fin de alumiar un futuro enraizado e en fidelidade ao pasado que se deixe interpelar polo presente. A inclusión das mulleres no diaconado debe realizarse desde este paradigma, mais no marco dunha comprensión do ministerio no que as mulleres participen e que non se presente xa como dada. O diaconado é un banzo moi modesto, mais importante, concluíu. Pola súa banda, Serena Noceti centrouse no Vaticano II, proponendo abandonar a lectura cristolóxico-ontolóxica pre-vaticana e retomar unha lectura cristolóxico-pneumatolóxica de comunión, que se reflecta na comprensión dos ministerios e que responda ás necesidades de novos modelos de vida de Igrexa. Neste sentido, a restitución do diaconado,

xa solicitada por algúns padres conciliares daquela, segue sendo vixente para o acceso das mulleres ao diaconado.

A cuarta sesión, xa o domingo pola mañá, consistiu nunha mesa redonda con propostas de actualización. Carme Pena aludiu na súa intervención á reforma da regulación canónica de 2010 na descrición do diaconado, tomando nota das posibilidades de asunción das funcións diaconais por laicos e laicas. Tamén tomou nota da regularización que o canon 203 fai dos ministerios laicais, moi controvertida. A continuación Roser Adoitar apuntou a necesidade de entender a Igrexa como Pobo de Deus en calquera proposta que queira rescatar ás mulleres da súa marxinação, pois iso pasa pola corrección da desigualdade clero-laicado da eclesiología actual e o recoñecemento da dignidade de todo bautizado. Adelaide Baracco lembrou que ser-corpo-de-Cristo (1Cor 12, 27) ten importantes consecuencias eclesiais. Neste sentido, a reintrodución do diaconado das mulleres abriría horizontes para unha eclesialidade/sacramentalidade na que participen homes e mulleres.

Finalmente, Carme Soto ofreceu unha visión final e recollida de conclusións. Nela destacou a importancia da memoria do pasado, mais tamén o vital que é abrir espazos, como foi o destas xornadas, que sexan porta para as mulleres que virán. É por iso necesario seguir actualizando unha eclesiología nada do Vaticano II que non discrimine á muller, mais sendo conscientes dos límites que o propio Concilio ten ao manter unha dobre eclesiología que favorece distintos desenvolvementos, algúns dos cales abren e outros pechan. A Igrexa é ministerial e non só ordenada, e iso debe posibilitar –e posibilita– novos modelos de vida eclesial, concluía.

ÁTEA valora moi positivamente o resultado das xornadas, tanto pola calidade das participacións como polo carácter propositivo que tiveron: non soamente queremos tomar nota da exclusión das mulleres do ministerio senón posibilitar vías e espazos de diálogo para a súa inclusión. Os relatorios das xornadas serán publicados na colección *Aletheia*.

Asoc. de Teólogas de España
Traduciu Chema Felpeto